

Campus de Vigo

Escola de Enxeñaría
Industrial

Grao en Enxeñaría
Mecánica

Rama de coñecemento

Enxeñaría e arquitectura

Prazas

150

Créditos ECTS anuais

60

Créditos ECTS totais

240

Descrición

A formación destes titulados abrangue coñecementos de física, matemáticas, expresión gráfica, estatística e química. Adicionalmente, a formación específica en mecánica, mecánica de sólidos, mecánica de estruturas, enxeñaría térmica e mecánica de fluídos senta as bases para materias máis tecnolóxicas.

As materias tecnolóxicas específicas orientan ao alumno de forma que poida intervir nas actividades propias da súa profesión, atribucións do enxeñeiro/a técnico industrial, dentro do ámbito da súa respectiva especialidade técnica.

Saídas profesionais

— Deseño, avaliación, control da calidade e dirección de proxectos de construción, montaxe, mantemento e reparación de estruturas, construcións industriais e instalacións.
— Proxectos de enerxías renovables: solar térmica, biomasa e valorización de residuos, xeotermia...

— Eficiencia enerxética de equipos e instalacións térmicas: cualificación enerxética en edificios, recuperación de calor en procesos industriais.
— Proxectos de deseño e fabricación de pezas, utensilios e máquinas de funcionalidade final ou proceso mecánico (tecnoloxías CAD/CAM/CAE).

+ Info

Conta con cinco intensificacións:
— Maquinaria
— Construción e instalacións

— Deseño e fabricación
— Transporte
— Tecnoloxía naval (CUD)